Seis cartas (tres inéditas) de Virxinia Pereira Renda (de Castelao) á familia de Ramón Otero Pedrayo (1948-1957)

Xesús Alonso Montero

Resumo. Hai cen anos, en outubro de 1912, casan na vila da Estrada Alfonso Daniel Rodríguez Castelao e Virxinia Pereira Renda, esposa, nai e tamén autora de multitude de cartas escritas cun estilo claro, directo e orixinal. Alonso Montero, bo coñecedor da actividade epistolográfica de Virxinia, ofrécenos unha interesante achega desta faceta pouco coñecida da esposa de Castelao, facéndoa coincidir, a modo de particular homenaxe ó matrimonio, co centenario do casamento.

Abstract. One hundred years ago, in 1912, in A Estrada, Alfonso Daniel Rodríguez Castelao married Virxinia Pereira Renda, wife, mother and also author of many letters written in an original, direct and clear style. Alonso Montero, a great expert on Virxinia's work, approaches us to this no very well-known activity of Castelao's wife, making a special tribute because of the marriage centenary.

Para Dolores Araújo Arias ("Noni"), xenerosa estradense que axudou con agarimo e eficacia a dona Virxinia en datas nas que escaseaban os apoios e a comprensión.

1. Consideracións sobre o epistolario e a autora

1.1. Está por facer a biografía de Virxinia Pereira Renda (A Estrada, 20.10.1884-Madrid, 23.12.1969), un libro que sería moi útil mesmo para entender mellor a vida e a obra política de Castelao á sombra do cal viviu desde que casaron n'A Estrada o 19 de outubro de 1912. Para unha señorita de vila, de familia moi conservadora e de escasa instrución, tivo que ser unha proba difícil acompañar a un home obrigado polas circunstancias a asumir tarefas e responsabilidades problemáticas en escenarios e tempos tan arriscados como os da Guerra Civil e o exilio. Foi no exilio, desde o mesmo 1939, onde Castelao, con 53 anos, se converte no líder espiritual indiscutible da galeguidade e no símbolo (activo) do galeguismo republicano na diáspora, nomeadamente na americana.

Non fai falta sermos profetas (do pasado) para afirmar que don Camilo Pereira Freijenedo, avogado acaudalado e seareiro do casino, non educou a ningunha das sete fillas para seren compañeiras dun político pouco tradicionalista disposto a asumir compromisos e riscos moi distintos das inquedanzas daquel fogar estradense. Don Camilo Pereira e dona Peregrina Renda casaron a súa filla Virxinia cun médico, profesión respectable e de certo prestixio social para unha señorita vilega educada para matriarcar un fogar, ter fillos e gobernar a casa "con aquel de señorío". Dona Peregrina e don Camilo tardaron en dar o seu visto e prace, que fixeron con reservas, un chisco (ou un moito) preocupados polas andanzas artísticas daquel médico que tamén debuxaba e pintaba, ás veces, estampas un pouco desacougantes para o estamento dos ben pensantes ó que pertencían. Os pais da noiva non se trabucaban moito, pois Castelao, xa xenro, no tardou en deixar a Medicina para facerse humilde funcionario de Estatística e así ter tempo e facilidades para dedicarse, case en corpo e alma, á actividade artística, unha actividade moi vencellada, no seu caso, ó acontecer político-social.

Cando se produce o estoupido da Sublevación militar e a Guerra Civil, Virxinia xa está preparada, en parte, para sucesos e un tipo de vida que nin sospeitaban dona Peregrina e don Camilo, e digo, en parte, porque, o futuro, desde o verán do 36, deparoulle ó matrimonio Castelao-Pereira experiencias duras e doorosas, coas que, en principio, non contaban. En todas elas estivo a compañeira, acompañando a Daniel nos dificilísimos transos da guerra e nas viaxes á URSS, a Estados Unidos, a Cuba, á Arxentina e a Francia, onde foi efémero ministro sen carteira dun problemático goberno da República no exilio.

Cómpre, en efecto, facer a biografía de dona Virxinia. É certo que, en libros e estudos sobre Castelao, atopamos referencias a ela, inevitables case sempre. Quizais o traballo que máis datos achega sobre a consorte estradense máis ilustre sexa un de Olimpio Arca Caldas publicado nesta revista hai trece anos[1]. Dese artigo convén

1 "As dúas mulleres de Castelao", en *A Estrada, miscelánea histórica e cultural,* nº 2, 1999. (A outra muller, neste traballo, é a nai).

Os pais de dona Virxinia: don Camilo Pereira Freijenedo e dona Peregrina Renda López.

reter un dato: que "Virxinia, o mesmo que súas irmás, recibe os primeiros contactos coas letras da man dun mestre particular que seu pai contratara para a educación daquela numerosa prole" (dez fillos, os tres últimos, varóns). Nestas circunstancias non era posible acadar unha instrución moi elevada. Daquela eran moi contadas as señoritas vilegas que estudaban o bacharelato. Porén, a lectura destas e doutras cartas proban que Virxinia non estaba indotada para a escrita, dotes que foi perfeccionando, obviamente, ó longo dunha vida á beira dun insigne home de letras e en relación, *velis nolis*, con moitas persoas ilustradas.

O futuro biógrafo terá que procurar, en certos epistolarios, referencias a dona Virxinia, algunhas un pouco desconcertantes. Nunha carta de Ramón Suárez Picallo a Eduardo Blanco-Amor lemos: "En cuanto a lo de Castelao, veo que repite matemáticamente lo de Nueva York. Eso de encerrarse en el "círculo de familias" no es voluntad suya. Conozco el paño. Es la pobre señora que es su mujer que no lo deja mover, ni salir solo, ni ir a ningún lado sin ella porque –aunque te asombre– es terriblemente celosa. Si lo sabré yo. Lo de que no intervenga en los medios intelectuales y artísticos criollos en los que nadie mejor que tú podría introducirlo, me parece un desatino"

(12.11.1940)[2]. Que fose tan celosa é algo que ninguén tiña dito, nin sequera Paz-Andrade, quen, na súa monumental biografía, alude, con moita diplomacia, a unha aventura amorosa pontevedresa do biografado. Celosa ou non, fáisenos moi difícil pensar que, no Buenos Aires de 1940, condicionara tan fortemente as relacións intelectuais do seu home.

Nunha carta case contempoánea, escríbelle Ernesto Guerra da Cal ó propio Blanco-Amor: "De Castelao tampoco sé más que indirectamente. Es lástima que un hombre tan grande sea tan pequeño en algunas cosas. Aquí [Nova Yorque], estuvo diciendo misas estalinistas de pontificial todo el tiempo. Esto hizo que nuestras relaciones, cordiales a pesar de todo, no lo fueran tanto como antes. Es hombre de reacciones acentuadamente ováricas, quizás por una excesiva permeación con el delicado pontevedrismo femenino de Virginia, que es uno de los seres que con más facilidad se le sientan a uno en el hipogastrio" (xullo, 1941)[3].

En calquera caso, a visión que os dous escritores galegos dan de dona Virxinia é a dunha esposa que non foi unha miñaxoia insignificante na vida do seu home, aínda que tanto Guerra da Cal como Suárez Picallo non teñan toda a razón no retrato, bastante negativo, que fan dela.

Volvéndomos ó artigo de Olimpio Arca, cómpre reter tamén estas palabras referidas ós primeiros encontros de Virxinia e Castelao en Santiago de Compostela: "Este sente un primeiro impulso e devaneo por Eva [irmá], pero, como xa estaba comprometida, Castelao consegue unhas consentidas paroladas con Virxinia" (pax. 30). Quizais houbo algo máis. De todos os xeitos, a Virxinia, coa que imos bater nas presentes páxinas é a muller angustiada pola enfermidade do home (na primeira carta) e pola súa morte (nas restantes). Viviu nesa angustia desde xaneiro de 1950, e para recordar e honrar a Castelao nos dezanove anos que o sobreviviu. Dona Virxinia morreu en Madrid o 23 de outubro de 1969 nun sanatorio, o Rúber, onde foi

2 Fragmento reproducido no meu libro *Castelao na Unión Soviética en 1938 (Filocomunismo e prosovietismo de Castelao nos anos da Guerra Civil)*, Vigo, Xerais, 2012, pax. 171.

3 Op. Cit. Pax. 172.

obxecto das máximas atencións mercé á sensibilidade e á economía de Álvaro Gil Varela (1905-1980), empresario galeguista, amigo de Castelao desde os anos pontevedreses da II República.

1.2. O epistolario de Virxinia Pereira

Na biblioteca Penzol (Vigo) custódianse as cartas enviadas desde distintos lugares por dona Virxinia a Ramón Otero Pedrayo, se ben, no encabezamento, ás veces, os destinatarios mencionados son dous, Ramón e Fita, hipocorístico de Josefina Bustamante Muñoz, esposa de Otero Pedrayo[4]. A ela, na mesma biblioteca, obran catro cartas, todas en castelán, unha sen data e as restantes de 1948, 1959 e 1960. Reproducimos neste traballo a de 1948. Tanto nas cartas a Fita como a don Ramón, sempre hai lembranzas fervorosas para dona Eladia Pedrayo Ansoar, nai de Otero Pedrayo. Na Penzol custódianse corenta cartas de dona Virxinia a don Ramón, escritas entre o 6 de abril de 1950 e o 26 de setembro de 1969, esta desde Madrid, tres meses antes do seu pasamento. Tamén obran na Penzol tres telegramas asinados por "irmáns" de Buenos Aires (Rodolfo Prada, Manuel Puente, Suárez Picallo…), entre eles, Virxinia. Son telegramas redactados en datas moi importantes para Otero Pedrayo: en marzo de 1957, co gallo da morte de dona Eladia, expresan a "nosa garimosa solidaridade na súa dor"; o 5 de marzo de 1958, co gallo da xubilación académica, saúdano "con afervoado patriotismo… na culminación froitífera laboura universitaria", e o 2 de marzo de 1968, no seu oitenta aniversario, fanlle "compaña espritoal ao esgrevio dianteiro da cultura".

De Virxinia Pereira coñecemos outro breve texto epistolar nunha postal enviada por Castelao, desde París, a Otero: "Un saúdo para Vde. E para as mulleres mil apertas.- Virginia".

Este corpus epistolar expresa con elocuencia o amor e a devoción que dona Virxinia sentía por Castelao, e expresa con paixón a orfandade que ela viviu, sobre todo nos primeiros tempos, desde a

4 Fita, santanderina, casou con don Ramón en Toranzo (Ontaneda), o 6 de agosto de 1923. Faleceu en Ourense en 1975, un ano antes que don Ramón.

Dona Virxinia Pereira.

morte do seu Daniel. Sería unha beizón para as Letras galegas que unha institución publicase o corpus epistolar de Virxinia Pereira. Excelente epistológrafa, a literatura galega engadiría un nome valioso ó elenco das súas escritoras. Que fai o Concello d´A Estrada? Morto Castelao, escribe dona Virxinia a don Ramón cartas angustiosas, consciente de que escribe a un destinatario que era, para o seu Daniel, un "irmán" na causa e un irmán nos afectos fondos. Ante este destinatario, dona Virxinia non se couta. Tampouco perde a obxectividade pois é capaz de mencionar ás persoas que en Buenos Aires a axudaron en transos tan penosos e trataron de consolala. É xusta con eles, e así llo fai saber a don Ramón, e así nolo fai saber. En efecto, estas cartas son, tamén, importantísimos documentos históricos. Por elas sabemos o que fai Castelao para a colectividade galega, qué compatriotas colaboraron na edición dos libros póstumos do escritor, qué persoas se entregaron á tarefa de perpetuar a súa memoria…

É mágoa, grande mágoa, que non se conserven as moitas cartas que Otero Pedrayo escribiu a Castelao nos trece ou catorce meses da súa doenza nin tampouco as que lle escribiu a dona Virxinia, moitas, tamén, nos anos 1950 e 1951. *Ubi sunt?* Ú-las? Supoño que paga a pena procuralas entre os herdeiros de Rodolfo Prada e Álvaro Gil. Quen coñeza a excelsa epistolografía de Otero Pedrayo e o compromiso moral asumido por el ante a enfermidade e a morte do seu irmán, terá a evidencia de que tales cartas teñen que ser maxistrais. Nalgunhas respostas de dona Virxinia hai recoñecementos moi significativos. Que fermoso e conmovedor volume o que acolla, no seu día, as cartas cruzadas de dona Virxinia e don Ramón! Na dimensión

estritamente documental, sería un volume moi valioso para coñecer a sona póstuma de Castelao: como viviu este gran cidadán no corazón e unha conciencia dos galegos de aquén e alén mar desde o 7 de xaneiro de 1950, data da súa morte.

Tere Vicente e Noni Araújo visitando a Tereixa Castelao, Rianxo, 15.10.1999.

Voltándomos ó epistolario de Virxinia Pereira, cómpre engadir unha carta que escribiu ás irmás de Castelao, desde Nova Iorque, o 29 de abril de 1940. En castelán, asínaa co pseudónimo de Manuela, subterfuxio para facer saber á familia, sen comprometela, que están ben (polo menos, vivos). Publicada está nas *Obras*, no tomo *Epistolario*[5]. Tamén para este xénero epistolar tiña xeito Virxinia Pereira. Sábese que hai outras cartas de Manuela.

Das seis cartas que hoxe ofrecemos, tres non son inéditas. Publiqueinas eu, hai seis anos, nunha colectánea epistolar sobre a enfermidade e a morte de Castelao[6]. Son a II, a III e a IV. Nese volume exhumo tres cartas máis: 3.7.1951, 20.6.1952 e 25.4.1953. Todas elas escritas desde Buenos Aires cando aínda sente a orfandade de xeito moi intenso.

Hai cartas, bastantes posteriores, escritas desde distintos lugares de España: A Estrada, Vigo, Salamanca, Madrid. Sabido é que fixo dúas viaxes, unha no período 1962-1963, e outra no período 1966-1969. Visitou parentes e amigos e arranxou ou tratou de arranxar algunha cousas. Lonxe, xa, a data da morte de Castelao, sempre lembrado, a autora dá noticias e fai comentarios nunha prosa que non desmerece da das primeiras cartas. Tamén nesta ocasión don Ramón

5 Vigo, Galaxia, 2000, pp. 350-51.

6 *Laio polo irmán ausente. Castelao no epistolario de Otero Pedraio e outras voces.* Galaxia, 2006.



No camposanto da Estrada descansan, unidos xa para sempre, Virxinia Pereira e o seu fillo Alfonso Rodríguez-Castelao Pereira (1914-1928).

Otero Pedrayo é o mellor destinatario e confidente. En certo modo, é a el a quen debemos a existencia desta excelente epistológrafa.

2. As seis cartas

Respectamos, na presente edición, a lingua da autora no léxico e na gramática; en canto á grafía, a nosa intervención é pequena, tan pequena que mesmo respectamos algúns usos da época (pol-o, de iste…). No léxico —insisto— respectamos formas como "outo", "iñorme", que nos escasean nas plumas ilustres do seu tempo. A miña intervención gráfica, nun 95 %, limitouse a poñer til, no canto de punto, en voces con i (Valentín, eiquí…). Esta "eiva" da autora supoño que ten unha explicación mecánica: o tipo de máquina empregada. Volvéndomos á gramática, en nota sinalo algún cheísmo e algún teísmo, pecados veniais na época.

En realidade, a maioría das notas, trinta e cinco, son doutro carácter: biográficas, bibliográficas, históricas… Penso que unha boa parte delas son necesarias para unha axeitada comprensión de determinados fragmentos do epistolario: sobre a cátedra de Xeografía (1950), sobre a actriz María Casares (1957), etc.

Carta I

Muy querida y siempre recordada Fita: esperando tiempo tras tiempo tu anunciada y deseada carta que no acaba de llegar, me decido romper yo este silencio que ya va siendo demasiado largo, a pesar de lo cual puedo asegurarte que os tenemos constantemente en nuestro recuerdo y en nuestros corazones, como por otro lado no perdemos oportunidad de enterarnos de vuestra vida. La enorme emoción que nos dejó vuestra visita, (que a veces se nos antoja que fue un hermoso sueño), está latente todavía, y no podemos consolarnos de no haber podido disfrutar más de vuestra siempre tan gratísima compañía. Vale decir, que fue algo así, como cuando a un goloso le ponen un buen dulce cerca de la boca, y se lo arrebatan en el momento que está pronto para el *ataque*. Y bueno, tengamos paciencia, esperando confiados que se produzca otra oportunidad como la anterior, y será entonces cuando podamos desquitarnos de lo que ahora nos fue vedado[7].

Volviendo a lo de tu carta te diré que la esperaba con mucha ilusión, para saber detalles de vuestro viaje, y de la alegría de todos los de ahí al teneros nuevamente entre ellos, sobre todo la entrevista con Dña. Eladia, quien me figuro os habrá recibido con lágrimas en los ojos. El tiempo que pasó sin vosotros la habrá parecido interminable, y seguramente habrá tenido que palparos bien, para convencerse de que erais los mismos. Dile que Daniel y yo la recordamos siempre con muchísimo cariño, y firme la esperanza de que algún día volveremos a dar otra vuelta por esa maravillosa finca de Trasalba. Dios quiera que así sea AMÉN.

Hazme también el favor de decirle a Ramón que Daniel recibió varias cartas suyas que nos hicieron llorar a los dos[8]. Es buenísimo ese amigo, y Dios le pague con creces su incalculable bondad y su inmenso corazón. El motivo de no haber contestado todavía a dichas cartas, es su estado de salud, que no le deja entrar en caja, y lo tiene bas-

7 Refírese ó breve encontro que os dous matrimonios tiveron, durante horas, en Buenos Aires, o 4 de setembro de 1947, e á despedida o día 5. Castelao acababa de chegar, da súa peripecia como ministro, de París, e Otero xa levaba na Arxentina, como conferenciante, dous meses. No libro *Por os vieiros da saudade* escribe don Ramón: "O día 5 de setembro de 1946 *(sic)*, apertei contra o noso corazón por derradeira vez o corpo de Castelao nunha rúa calquera de Buenos aires". (Galaxia, 1952, p. 198).

8 Algo antes, pois, da enfermidade de Castelao xa don Ramón lle escribiu varias cartas.

tante bajo de ánimo. Ahora, sin embargo, parece tiende a mejorar un poco, pues como le hicieron análisis, encontrándole urea en la sangre, se puso en tratamiento y a régimen de comidas a las que la enfermedad responde bastante bien, habiendo incluso ponerse en la normal. La presión, muy baja, sigue más o menos lo mismo, pero confiamos en que todo se ha de arreglar. Empezó también con el tratamiento de la penicilina, en la que tiene gran fe, incluso para su padecimiento de la vista, y aunque es muy mortificante, (un pinchazo cada tres horas en el almohadón, que por cierto ya parece un colador lleno de agujeritos) él lo tolera todo valientemente, porque además de que es muy sufrido, espera que esto al final dará buenos frutos. Ojalá que, siquiera esto, le salga bien. El total de inyecciones a llevar, es de 135, una cada tres horas sin alterar el orden, hasta terminar la dosis. Como yo soy la enfermera, puedes figurarte mi dolor de corazón cuando actúo de "verdugo". Parezco un *profesional*, porque por lo visto pincho admirablemente, con serenidad y coraje, que es como mejor sale eso. Nada, que tomé en serio el cargo que me impusieron, y al terminar con Daniel, voy a tener que seguir pinchando donde sea y como sea. Yo sigo como siempre tirando de la vida, y sacando fuerzas de donde puedo, pues cuando lo veo sufrir a él, me acobardo y me aflijo mucho, pero no tengo más remedio que sobreponerme[9]. Esta admirable y buena amiga (la mujer de Prada) que Dios me deparó, es para mí como una verdadera hermana, y mi paño de lágrimas en mis momentos de flojera[10]. Estamos juntas cada día, como estábamos tú y yo en Madrid, jugando como entonces a nuestro tute que no perdonamos por nada ni por nadie[11]. Ya es famoso nuestro tute entre nuestras amistades, y no podemos ocultar a los ojos de nadie este vergonzoso vicio que tanto nos domina. Gracias que sólo jugamos por amor al arte y sin más interés que el "amor" propio, de lo contrario, tendríamos el repudio unánime de las gentes.

9 Todos os biógrafos afirman que foi en marzo de 1949 cando os médicos emitiron o terrible diagnóstico: cancro de pulmón. Dona Virxinia, nunha das cartas, fala dos "trece meses derradeiros" da súa cruel doencia (6-4-1950), o que nos leva a pensar que xa estaba moi grave en xaneiro de 1949. Así pois, en abril de 1948, estaba nos preliminares da doenza.

10 Rodolfo Prada Chamochín (A Peroxa, 1892-Buenos Aires, 1980), vello galeguista, foi o gran valedor na Arxentina de Castelao; tamén foi o seu mentor, en ocasións.

11 Otero Pedrayo e Castelao foron deputados na primeira lexislatura republicana (1931-1933). Ás veces acompañábanos a Madrid as súas esposas.

Recibimos carta de mis cuñadas, en la que manifestaban su gran ilusión de veros para que les contarais muchas cosas de aquí y de nosotros. No sabemos si por fin os habéis visto con ellas o no[12]. Mis hermanas nos dicen exactamente lo mismo, pero añaden que mientras no tengan la alegría de veros personalmente, se consuelan con una carta que Ramón le escribió a Valentín, hablándole largo de nosotros, cuya carta les hizo llegar, y de la que ellas hicieron copia para conservarla[13]. También supimos de vosotros, y de un gran resfrío que Ramón tuvo, por un común amigo de Santiago de Compostela, deseando de corazón se encuentre ya repuesto por completo.

De las cosas de aquí, poco o nada interesante puedo contar, porque como durante el verano quedan suspendidas todas las actividades, para concentrarse la gente en playas y sierras, resulta que a estas fechas todavía andan desperdigados muchos, aprovechando (como dicen por *acá*,) los últimos "puchitos" de la estación, que a decir verdad pasó sin pena ni gloria, ya que el calor se hizo valer este año. Ahora ya estamos con el otoño encima, y por las apariencias, tengo el pálpito de que va a correr pareja con el verano que se nos fue, ya que apenas disfrutamos de un par de días buenos. En cambio vosotros estáis ya en franca primavera, que ahí suele tener tantos encantos, y quiera Dios que los tres podáis disfrutarla plenos de salud y alegría.

Bueno, querida mía, te dejo por hoy, confiada en que esta carta tendrá contestación, una contestación muy pero muy extensa, porque tú cuentas con tela suficiente para cortar por largo.

Recibir los tres nuestros cariños, con un fuerte abrazo de esta amiga de siempre que te recuerda y quiere[14].

Virginia
Buenos aires 8-4-1948

12 Teresa (1898-2000) e Josefina (1897-1974). Don Ramón visitábaas con certa frecuencia.

13 Sen dúbida, Valentín Paz-Andrade.

14 Nesta carta hai unha nota manuscrita (¡en castelán!) asinada por Castelao. Esta: Un abrazo muy fuerte para doña Eladia y vosotros. Tengo que escribirte, Ramón. No lo hice porque tengo que decirte algo que ya va saliendo de mis dudas. ¡No sabes cuánto agradezco tus ofrecimientos! Para poder utilizarlos daría… (no tengo nada que dar, porque todo lo que tengo es la esperanza de morir ahí). Procuraremos vivir muchos años, a ver si la esperanza se cumple. Ya te escribiré con alegría. Más abrazos. Daniel.

Carta II

Bos Aires 6 de abril 1950
Sr. Don Ramón Otero Pedraio
Ourense

Meu querido e lembrado amigo: Pol-o noso bon irmán Rodolfo Prada, chegou a min súa tan garimosa como estimadísima carta, que lle agradecín de todo corazón. Non por habela recibido un pouco tarde, podía eu creer que vostede[15] non se decataba do meu door, de este inmenso e gran door, ante a morte nunca ben chorada do meu entrañable Daniel, que foi o máis leal e bondadoso compañeiro dos nosos trinta e oito anos de vida, ao que tamén eu lle consagrara a miña por enteiro, sobre todo no triste rodar dos trece meses derradeiros da súa cruel doencia, en que día a día, minuto a minuto, compartín aqueles seus grandes sofrimentos, físico e moral, que tan clavados levo no meu corazón. ¡Meu Daniel! ¡Cantas fondas lembranzas me deixas![16].

Sei que Prada lle mandou a vostede unha longa carta informativa, en col do tan desventurado suceso, que cada vez paréceme máis un triste soño, do que xa desgraciadamente non voltarei a despertar endexamais[17]. I eu tamén quixera contarlle a vostede moitísimas cousas, da vida, pasión e morte, de aquel castigado santo, a quen a mala fada non lle regateou ren en cuestión de padecementos, pero nin ánimos teño para facelo, nin tampouco o meu sentido, que anda como perdido, me axuda nada, despois do golpe demasiado forte que recibín, coa perda de aquela vida que eu coidara con tanto agarimo, e o mellor do meu amor, e que tanto arelaba ver feliz. Vostede tamén perdeu con el ao seu irmanciño máximo, pois do moito que lle quería, ao seu sempre recordado Ramón, nadie como eu, pode dar fe.

15 Como na postal de 1935, trata a Otero de vostede. Na seguinte carta, catro meses despois, atúao (trátao de ti). A explicación quizais estea nunha carta —disuasoria— de don Ramón.

16 V. n. 9.

17 Esa carta, do 20 de febreiro de 1950, circulou copiada na Galicia daquel ano. Ocupa 15 páxinas na colectánea por min editada, *Laio polo irmán ausente*, (pp. 67-83). Nela comunícalle: "Virxinia seguirá vivindo no mesmo departamento que vostede coñeceu, hastra que ela dispoña voltar á Terra. A súa decisión (adoitada espontaneamente, interpretando fidelmente o desexo de il) é de voltar somentes cando leve o cadavre á Terra, chegada a súa debida hora" (pax. 79).

Cada carta que chegaba de vostede, era recibida con un "loado sea Deus" e mentres eu lla leía, el sentíase ledo e como remozado, aínda que de pronto unhas bágoas saltábanlle dos ollos, que eu caladamente lle limpiaba, sin querer romper aquel silencio en que quedaba, que era como unha meditación. De pronto decía con moita morriña, "Trasalba, Trasalba, coa túa lus de quinqué, ¿voltarei algún día a mirarche?[18]. Outras se preguntaba, "¿saberá Ramón que eu estou tan doente, e que esta é a razón de que non poida escribirlle?" I eisí, dalle que lle das, era o seu constante matinar. Nada lle digo da ilusión iñorme, que o probe tiña, esperando a súa cadeira na Universidade da cidade do Apóstolo, pois basta con que seipa, que esa era unha das cousas por el máis codiciadas. E agora… Agora todo é silencio e orfandade sin el, e a miña vida, da que vou tirando camiño arriba nesta súa ausencia, tenme abrumada, e non sei como poderei seguila arranxando. Deus, que está no segredo de toda-las cousas, saberá por que tiña que pasarnos tanto mal, e sobre todo, por que o meu Danieliño, que era de tan inmensa bondade, tuvo que sufrir tanto, e con tan refinado ensañamento, para logo ser premiado de ese modo. A miña cativa intelixencia non me da para comprendelo, mais tampouco intento "PROFUNDAR" demasiado, para non perde-la fe, que tanto necesito nestes intres ben difíciles de soportar[19]. Acato pois, cos ollos ben pechados, os seus sagrados designios (que tan caros me custan) logrando vencerme e sosterme serea, sin deixarme levar da desesperación. Aínda eisí, eu prégolle que disculpe un pouco esta especie de pequena rebeldía nacida dun gran door, na seguridade de que con ninguén falo eisí, como non sexa tan bo como vostede, tan comprensivo e tan humán, para xuzgar con altura e caridade, as cousas e os momentos de cada un. É que me falta el ¿sabe Ramón?, de ahí que xa non teño aquel corazón con quen desafogar, e ás veces parece como si me rompera toda por dentro. Ben sabía o home das "cruces", como vostede lle chamaba, que

18 Ata 1959 o "pazo" de Trasalba non tivo luz eléctrica. Sabíao ben Castelao, que non chegou a ver publicado o poema de Otero "O quinqué de petróleo" (*Alba*, Vigo, nº 4, [1950]). O pronome "che" en "mirarche" reproduce o cheísmo rianxeiro de Castelao.

19 Dona Virxinia salienta graficamente PROFUNDAR, consciente de que don Ramón se decatará de que é o verbo empregado no libro *Cousas* (1926) por aquel barbeiro que non podía profundar máis por non saber latín.

sin querelo el, íbame a legar a min a maís pesada de todas, eisí por presentimento, estreitábame contra o seu peito doente, decíndome a cada intre, "Eu non quero deixarte, ¿sabes miña prendiña? Porque asústame a idea da túa espantosa soedade, si eu chego a morrer". E que pronto chegou, e que razón tiñas, querido meu, aínda que non-a poideches concebir, na súa triste realidade. Non quero dar remate a esta deslabazada carta, sin decirlle o que seguramente, por modestia, non lle contou Prada, i é que, si algunha satisfacción puden ter, si algo me alentou nos intres angustiosos da súa longa e penosa doenza, foi comprobar o inmenso cariño que estes corazóns irmáns, co benquerido Prada ao frente, lle prestaron sin descanso nin desmaios, ao meu querido enfermo, non reparando en sagrificios persoales nin de todo orden de axudas, aínda a sabendas de que o seu mal non tiña desgraciadamente remedio. Nada, absolutamente nada, lle faltou nin lle foi negado, porque uns e outros, e todos, querían ser máis en dar e en facer. De ahí que el, con algo do seu humor, andáballe a decir aos amigos de fora que o seu caso era curioso, pois non tendo un carto, parecía un millonario de verdade. E así foi. Deus que lles ha pagar con creces o moito ben que lle depararon na vida, e moito máis aínda lle depararon na morte, xa que aparte outras moitas cousas de gran estima que andan a facer, existe en todos un alto sentimento para min, que el saberá agradecerlles dende o máis "ALÁ", e a miña gratitude será eterna, aínda que nunca na medida que eles se merecen. En canto aos bos irmáns de ahí, en particular a vostede, que tanto era para el, quero tamén facerlles chegar o meu fondo agradecimento, pol-as outas expresiós de sentimento, agarimo e achegamento con que honraron a memoria do noso nunca inesquecido morto. Moitas gracias a todos, con un fraternal saúdo.

Da miña vida, nada importante, como non sexa decirlle que o meu pensamento é non abandoar este país, mentres non poida facer con el ese viaxe á Terra, porque si un día, moito antes de enfermarse, e medio en broma medio en serio, me dixo que si chegaba a morrer, non lle gustaría que eu me fora sin el, hoxe, que desgraciadamente chegou ese intre, debo cumplir a promesa que lle fixera, de que sempre, sempre, estaría na súa compaña. Estando eiquí, pol-o

menos, teño o pequeno consolo de ir a visitalo diariamente, e seguir vivindo neste faroliño (como lle chamaba ao departamento) que é o meu santuario, donde tantos recordos me deixou que eu precuro conservar co máximo coidado. Eiquí, xúntanse todo-los sábados os irmáns, según tiñan por costumbre facer cando estaba el, porque coidan que nesta casiña, co seu esprito sempre vivo, toman mellor os seus acordos e resoluciós. Eu recibo a todos con moito afeuto porque son bos, e sempre teñen algunha agarimosa lembranza para aquel meu pino lanzal, aquel meu doi doi, como me chamaba a min con tanta gracia como sempre poñía nas cousas.

Esperamos con moitísima impaciencia saber o resultado das oposiciós, e queira Deus que "funcione" a xusticia[20].

Para a súa velliña hacia quen o mesmo meu Daniel, que eu, sentimos sempre unha gran devoción e respeto, vai un estreito abrazo, con outro igual para Fita. Reciba vostede, meu querido amigo, un forte apretón de mans, pregándolle siga vendo sempre en min, a compañeira leal de aquel ser tan querido que se nos foi, e sempre, sempre, co mesmo sinceiro cariño que en todo intre sentimos os dous por vostedes todos.

Súa irmán na Terra.
Virxinia

Chega neste intre Pepe Núñez Búa, quen me da a gran noticia, de que "funcionou" por fin a xusticia[21]. Deus que se llo pague a todos[22], xa que pol-o visto foi por unanimidade. Repito de todo corazón as verbas do telegrama que lle mandaron de aquí, pensando que eisí sería a forma en que o felicitaría con tanta ledicia, o probe que non poido ter esa tan grande satisfacción ¡VIVA RAMÓN! e felicite tamén de corazón, a Fita e Dña. Eladiña, que estará ben contenta.

20 O 31 de marzo de 1950 don Ramón obtiña en Madrid, por oposición, a cátedra de Xeografía da Universidade de Santiago. Cando dona Virxinia comezou a redacción da carta, o 6 de abril, nada sabían os "irmáns" de Buenos Aires.

21 V.n.20

22 A expresión "Deus que se llo pague a todos" parece calco do castelá "Dios que se lo pague a todos". Usos semellantes dábanse daquela, e aínda despois, en escritores moi celebrados. Dona Virxinia tamén é vítima das lecturas do seu tempo.

Carta III

Bos Aires 31 de agosto 1950
Señor Don Ramón Otero Pedraio
Ourense

Iramanciño Ramón: Eiquí temos ao Valentín[23], rodando pol-os escenarios e tribunas da Metrópoli. Aínda que eu xa non formo roda no mundo dos vivos, teño noticias de que o home deféndese diñamente dentro do marco dos seus compromisos conqueridos. Do desenrolo da súa laboura, supoño saberedes con detalles por persoas máis autorizadas i enteiradas que eu para facelo. A presencia do Valentín prodúxome intensa impresión. Velo frente a min despois de tan longos anos, fixo que a miña imaxinación retrocedera momentaneamente a aquela vida feliz que perdín, da que lembrei cousas e feitos, para voltar axiña a caer na verdadeira e crúa realidade.

Xa está na rúa o libro dos "Cruceiros"[24] que tamén foi motivo de ledicia e moita tristura para min, pensando canto gozaría o meu querido Daniel vendo por fin a súa obra rematada. ¡A sorte foille ben ingrata! Como Abraira[25] levou consigo algún exemplar, que coido coñecerás, espero con grande impaciencia saber o teu "fallo" sobor de este traballo que preparou con verdadeiro agarimo, i especial coidado. Comprenderás a importancia que ten para min o teu xuicio, sempre sinceiro, e valiosísimo, pol-o que estou desexando coñecelo axiña. Non sei si sabrás que o pensamento de estes irmáns que siguen rodeándome de atencións, é o de regalarme a min o exemplar especial que tiñan destiñado para o seu infortunado autor, cuyo exemplar (según me dixo Prada), era intención do meu bo Danieliño regalarcho a ti, desexo que estou tola e outamente satisfeitísima de poder cumplire, xa que sempre, e agora máis que nunca, estiven de acordo con canto il pensaba, decía e facía. Conta pois, que con todo o meu corazón depositareino nas túas mans, que ademais de que o ennoblecerán deixo así

23 Valentín Paz Andrade (1898-1987), gran amigo de Castelao e, logo, autor dunha extensa biografía (*Castelao na luz e na sombra*, Ediciós do Castro, 1982).

24 *As cruces de pedra na Galiza*, Bos Aires, 1950. En decembro de 1949 a súa quebrantada saúde non lle impediu asinar "os pregos das portadillas para os exemplares numerados" (R. Prada, 20-2-1950).

25 Xosé Benito Abraira (Meira, 1904-Buenos Aires, 1987) era do círculo, "presidido" por Rodolfo Prada, máis achegado a Castelao.

cumplido o seu desexo tan natural. Nunca mellor destino podría eu darlle, nin tampouco mellor proba de cómo sei canto el te quería.

Fai xa algún tempo recibín a túa garimosa carta que me fixo revivir aqueles tempos en que de cote lle escribías a el, e que o meu probe me escoitaba leer con tanta ledicia. A súa morte sigue parecéndome un triste soño, e non podo conquerir esa resiñación de que me falan e aconsellan as xentes. Ti que eres tan bo, e as miñas queridas doña Eladia e mais Fita, tendes que pedir a Deus me dé forzas hasta que poidamos levalo a esa bendita Terra que tanto amou.

¿Cómo é que Fita non me escribe unhas verbas que sempre lin con tanta alegría?

Desexando saber da vosa vida tantas veces como se poida, recibide entre tanto os tres un estreito abrazo de esta amiga que sempre está con vos.

Virxinia

Moito me alegraría saber si recibiches aquela cuartela escrita por el, que te mandei[26] na miña carta anterior.

Carta IV

Bos Aires 16-12-1950
Sr. Don Ramón Otero Pedraio
Trasalba

Querido Ramón: esta vai dirixida a Trasalba, pensando que na data da súa chegada xa estaredes por ahí os tres felizmente reunidos. Eu pol-a miña parte, desexo a pasedes con moitísima saúde e tamén, "unha boa mesa". ¡PASCUAS … ! Elas, leváronse consigo a miña vida.

Das túas garimosas cartas, direiche que as recibo como unha bendición. Falan con tan inmensa bondade do noso inmorrente Daniel, e traen de el tan íntimas e fermosas lembranzas, que o meu murriñoso curazón —tan apolillado de añoranzas e melanconías— revive para decirte amorosamente ¡que Dios cho pague irmán! Non pode-

26 Ninguén ten falado desa "cuartela"; no texto dona Virxinia comete un teísmo.

mos decire que entre ti e o meu Danieliño, houbera fisicamente parecido algún, a non ser na *cativez* de altura que lle debedes á natureza, máis o que non se pode negar, é a ermandade espritoal que existía entre vos, nin a coincidencia de sentimentos tan rara vez lograda, que eu caladamente tomo para min, como o millor premio que lle podo ofrendar aos meus sufrimentos. De ahí que as túas sempre apreciadas cartas, sexan leídas con emocionadas bágoas nos meus ollos, cuias bágoas lonxe de me ferir, teñen a virtude de serear o meu espritu e hasta darme azos para seguir coa miña cruz costiña arriba. Eisí, serea, que é como mellor penso, doume conta de que a última misión de fidel compañleira aínda está sin rematar, e que non debe nin pode morrer sin antes acompañalo por derradeira vez, hasta o seu defiñitivo logar de descanso. ¡Triste o viaxe que me espera! Mais con todo, sospiro por ter tan decoroso intre, coa ilusión de xuntar entonces os dous anacos desprendidos do meu curazón, e respirar por fin tranquila sabendo que pai e fillo repousan xuntos acá e Alá. Xa despois… que Dios dispoña de min.

As miñas horas, Ramón, decorren tal e como ti as concibes ao teu modo. Non podes engañarte, non. Verasme agora na representación de dúas Virxinias distintas, val decir, A Virxinia "falsa", a "comedianta" que para loitar con este desacougado mundo que non quer saber nada de penas, ten que afogar as súas e asoballar os seus sentimentos, e a Virxinia real, a Virxinia verdadeira, que ferida a punta de lanza non atopa máis alivio que na soedade do seu fogar —o farol como lle chamaba o meu santo— para chorar libremente con il, a única e triste realidade da súa ausencia. É certo que aínda non sentín a arrepiante sensación de atoparme soia, pois il enche toda a miña vida amparándome con ise non sei que de forza estrana, que me alenta e me sostén. Dícesme, Ramón, que ti falas e hasta ries con il, pois ben, iso precisamente é o que me pasa a min de cote, i en cada volta vexo vir cara a min, aquiles seus brazos, tan longos, tan longos e tan amantiños, como si eles quixeran siñalarme o camiño que debo seguir ¡Meu Daniel!

Noto que falando de min se me foi demasiado a man, pero ti que tanto lle quixeches sabrás comprender e disculpar este exceso. Eu tamén comparto moi intimamente as túas angurias e preocupacións

de orden sentimental, porque paréceme coñecerte ben, para saber como eres e sabes querer. Mais dígiche que non debes pensar tanto nese firente intre que a vida nunca perdoa, porque ti non tes razóns para magoarte con ise pantasma (que Dios terá por moito tempo lonxe de vos) xa que empezando a mirar as cousas por Fita, que é a máis nova dos tres, vémola feita unha rapaza tan sana e bulideira que vencerá facilmente cantos males e reveses se lle poñan por diante. No segundo peldaño mirámoste a ti, forte, ergueito, sin que deas idea de que escalaches xa os sesenta e dous anos, cumpridos ao teu modo tan natural de ser, que non perdiches nin chisco do teu tan formidable como invencible esprito. E agora chegamos a doña Eladia ¿Quen pode falar de doña Eladia, sin antes arrodillarse na súa lembranza? Eisí, de este modo, atrévome a decir que co seu amantiño curazón de nai que soio vive pra quererte e verte feliz é moi capaz de realizare o outo miragre de vivir hasta os CENTO CINCOENTA ANOS, que eu desexo moitísimo os poida cumprir.

Sobre a door do illamento a que fas referencia na túa, direiche que ao meu modo creo comprender a razón e o fundamento de tal. Pedíndote que non tomes como adulación as sinceiras palabras que estou escribindo, creo que a túa superioridade de home tan por enriba dos demais é a que te impón isa door e ise illamento. ¿Cómo non vas a estar illado de esa casta de xentes que soio sinten as necesidades no centro dos seus estómagos? Ben está comer, e comer ben, pero… Para que seguir. Feliz ti que coa túa intelixencia previlexiada, e dono de tan múltiples e estraordinarios coñecementos, tes amplio campo de acción, onde podes refuxiarte fuxindo eisí da amargura que produce tanta miseria humán. No teu contacto diario depurando coas túas enseñanzas as concencias de isa simpática mocedade que está a deprender de ti, é posible que atopes algunha pequena satisfaución. De ser así, ben vale *pandar* con isa seriedade da que están posuidos esos "patriarcas do mañán".

Dos amigos de ahí, que ti coñeces mellor que eu, polo decorrer dos moitos anos, nada te digo, pero si podo decirche que a nosa xente eiquí pensa moitísimo en ti, quérente de verdade, e te admiran decindo que eres de OURO DE LEI. Son bos, e conmigo siguen tan leales e respetuosos como sempre. O culto á amistade que o meu

bo Danieliño se creara, é o tesouro máis limpo que me poido deixar. Siguen reuníndose no meu departamento todol-os sábados según costume de cando el vivía, e preside estas reunións unha fermosa fotografía do noso fallecido que ten colocada na parte superior a bandeira que tanto amou.

Baixo a lus de ese lembrado quinqué de Trasalba, descifra como poidas esta deslabazada carta que pol-o avanzado da hora escribín meia dormida e mañán ter que levantarme cedo para ir como sempre a visitar a miña prenda.

Nun estreito abrazo, vai para os tres o moito cariño de esta vella amiga.

Virxinia

Carta V

Bos Aires 18-12-1952

Meu querido amigo:

En vísporas das festas Navideñas, quero que recibades parabéns e os mellores desexos de que as pasedes con moita saudiña. Eu dispóñome tamén /a festexar/ un novo terceiro aniversario, máis tristeira en cada un, e máis doente na miña soedade.

O día 3 do próximo xaneiro, oficiarase na parroquial de Santa Rosa de Lima de ista capital, un funeral en memoria do noso inesquecido Danieliño, cumplindo eisí parte do encargo que che teño falado, e que foi confiado a min por intermeio de varios siñores directivos do "Centro Gallego". Para iste acto, fixen chegar unha sinxela invitación por carta, ao presidente de iste centro, ás sociedades máis afíns, i en forma coleitiva mediante un aviso que oportunamente sairá no xornal a "Nación", a todo-los amigos que de boa vountade deseen concurrire. O funeral non se pode facer na data 7, porque según me dixeron os cregos, a semán de reises a partir de ise día, a igresia fai ceremonias especiaes proprias do tempo, e lles prohibe recibire encargo ningún. A data máis próxima, pois, é a do día 3, que non está mal por coincidire tamén co aniversario do noso malogrado filliño[27], catro días de un a outro. ¡Bo mes para min! O sobrante da cantidade recibida, penso

27 O fillo, Alfonso Luís, morreu ós catorce anos (1-2-1914/3-1-1928).

entregala ao "Fogar Galego" de velliños nosos, coidando que de iste modo sentiranse agarimados na súa desventura, e a bondadosísima persoa que tivo tan xeneroso desprendimento penso que estará satisfeita igoal que o noso Daniel que sempre andivo aparellado ca door dos desvalidos. Si non te importa, gostaríame coñecer o teu parecer sobor da ubicación que din a estes nobres fondos, na seguranza de que n-elo puxen a boa vountade enteira e todo o meu sentimento.

Ramón, amigo fidel, amigo bo. N-este intre acabo de me desprender do teu libro, ise formidable libro que tiduas POR OS VIEIROS DA SAUDADE[28], e debo decrarar honradamente que estou trabada pol-a emoción que me produxo, pese a que non foi leido sinón *devorado* para poder devolvelo asiña según tiña prometido. Digo de certo que me sinto abatatada, e non atopo verbas axeitadas para che felicitar de modo, nin tampouco as que, por gratitude, bulen no íntimo do meu corazón. Claro que falar de felicitarte a ti, Ramón, é casi que infantil, porque, dada a túa fecunda laboura maestra, sería cousa de facerte perder a pacencia. Pero iste libriño, (chámolle eisí de puro agarimo) é para min de incalculable valor, e de ahí que non poida pasalo por alto. No decorrer das súas páxinas maravillosas atopeime repetidas veces co nome querido do meu Daniel, cousa para min tan estimabre que sin desexalo casi cheguei a sentirme un pouquiño vanidosa… Debilidades humáns. O desenrolo do derradeiro capíduo adicado expresamente a el (e con que amore)[29] doume sensación de vida, unha ilusión que docemente aproveitei acariñada por sereas bágoas e lembranzas confortadoras porque tristes as máis de elas, lediciosas as menos, todas, todas, son a falarme da miña prenda amada. Por hoxe basta xa de lata.

Recibín carta do cura de Rianxo, agradecendo a miña felicitación ao cumplire as bodas de ouro sacerdotales. Moi simpática e garimosa[30].

N-un estreito abrazo ós tres (xa ves que son aproveitada) recibide o meu agarimo e o meu curazón.

Virxinia

28 V.n.7.

29 En efecto, o último capítulo titúlase "Castelao" (pp. 191-99).

30 O cura de Rianxo, José Benito Fariña Garabás (Cuntis, 1877-Rianxo, 1958), "protexeu ás irmás de Castelao de agresións verbais á saída da misa, nos anos 1946 e 1947, cando os fascistoides rianxeiros estaban alporizados polo feito de que Castelao fose ministro do Goberno republicano no exilio (X. Alonso Montero, *Laio polo irmán ausente*, 2006, p. 159).

Carta VI

Bos aires, 23-12-1957

Moi queridos Fita e Ramón:

Como para os que levamos loito tan grande no corazón son sempre, e cada vegada máis intensas e doorosas estas datas de fondas lembranzas que estamos vivindo, eu desexo que elas pasen o máis levemente posibre, posta a miña espranza e fe… no aninovo que se aveciña. Veremos…

Penso tamén eu de que algunha das nosas carta debeu de se extraviar, porque dende a desgracia da inesquecida velliña[31] eu escribín dúas ou tres veces, estrañándome moito non saber nada de vos direitamente. A primeira, e a única carta que recibín dende aquela data, responde ao 31 do pasado outono, vendo por ela que caíchedes tamén nas redes da *novedosa asiática*, sin que por fortuna deixara piores consecuencias. Daquela, tamén eu estaba ben doente, xa que, moi solta de corpo, e levada de unha *euforia propria dos meus 20 anos* (ben cumpridos) púxenme a pintar as paredes do meu departamento e sucedeu o que tiña que suceder despois de tamaña fazaña, Total, un mes de cama sin me poder mover debido a unha inflamación brutal de todol-os músculos de cintura arriba, e seguir aguantando, hasta cando sexa, as consecuencias naturaes da miña tolería. Ben asistida por catro médicos do Centro Galego, enfermeiras e amigos que son meus anxos proteitores, nada me faltou en atencións e agarimo. Manolita, esta sin par Manolita[32], que sempre está onde a preciso, botouse enriba a pesada obligación de me traguer a comida de cada día, amén de outras faenas, de modo que entre ela e Prada, tan boísimos os dous e o matrimonio veciño do sexto piso, que tamén son como irmáns para min, estiven no "paraíso" si non foran os doores bárbaros que non me daban descanso nin de día nin de noite. En fin, agora todo vai pasando gracias a Dios, prometéndome non volver a deixarme domiñar por ises "impulsos de xuventude".

Deica agora tivemos unha primavera maravillosa, sin decatarnos de que se nos viña enriba o verán cuios primeiros días foron bravos, poñéndonos en alarma para o sucesivo. O clima de eiquí non ten

31 "A inesquecida velliña" é dona Eladia, nai de don Ramón, que morrera en marzo dese ano.

32 Esposa de Rodolfo Prada, xa citada noutra carta.

medida e un nunca sabe o que lle espera de hora a hora. De calisquera modo eu prefiro este tempo ao inverno porque aínda que sempre entristecido un, lévase mellor con sol que con choiva.

Nada sabía da morte do amigo Peña Rey[33] e podedes creerme que sinto en verdade con vosco esta nova baixa de tan bo e fidel amigo. Lémbrome que denantes da derradeira partida nosa de Pontevedra, estivera xantando na nosa casa, onde, xuntos os dous, ausentes hoxe, fixéronnos pasar horas endexamais inesquencidas.¡Que soios imos quedando!

A emoción que Maruxa Casares[34] e máis eu sentimos co noso encontro foi algo difícil de se espricar. A primeira visita da súa chegada a Bos Aires foi pra min, e bicándome i abrazándome forte non atinaba a me decir palabra. Eu tampouco. Pasando o primeiro intre, descobrín con ledicia que é simpática, intelixente e sinxela como todol-os que valen. Foi así como me gañou, facéndome saír das miñas "casillas" asistindo a unha comida que lle ofreceron os galeguistas, e ¡PASMAROS…! a vela actuar no teatro Colón, onde a nosa Maruxa estivo formidable en María Tudor[35]. Dadas as dificultás que había pra conseguir entradas (o teatro estaba abarrotado) ela obsequioume con un palco para que non deixara de asistir, de modo que eu non tiña "escapatoria" nin estou arrepentida tampouco de ise "alto" que fixen na miña vida ensombrecida para homenaxear a tan extraordinaria figura nosa, que pasea pol-o mundo con elevada resonancia e diñidade, a nosa estrirpe galega. Lástima que non esté máis cerca, pois penso que ben "traballada" sería moi útil pra Galiza. Vele moito, e como todo o que vale, aparece máis ben modesta que arrogante por iso que conquistou o curazón da coleitividade.

33 Manuel Peña Rey (Viascón, Pontevedra, 1889-Ourense, 1957), ilustre xinecólogo ourensán e membro importante do Partido Galeguista.

34 A actriz "francesa" María Casares (A Coruña, 1922-París, 1996), filla de Santiago Casares Quiroga, foi recibida en Buenos Aires, nesta ocasión, por parte de exiliados e emigrantes, con entusiasmo. A revista *Galicia Emigrante* (nº 31, octubre-noviembre, 1957) dedícalle varias páxinas: unha entrevista feita por Víctor Luis Molinari, un artigo de Luís Seoane, o director ("María Casares"), dúas fotografías de grupo e o facsímile dunha dedicatoria, quizais un dos poucos textos en galego da actriz ("Un saúdo agarimoso / a unha Galiza que atopo / a milleiros de légoas do Miño.- María V. Casares").

35 María Casares foi a protagonista das dúas obras representadas pola compañía francesa: *Le triomphe de l´amour* (1732), de Marivaux, e *Marie Tudor* (1833), de Víctor Hugo. Nesta representación, á que asistiu dona Virxinia, María Casares tivo que saír ó escenario —informa L. Seoane— dezasete veces. Tal foi a ovación final.

Este querido apartamento en que vivo, como ti dices, meu bo Ramón, ten pra min doores e gozos porque de todo houbo na compañía inmorredoira do meu amado inesquecido…Eiquí está esperando pol-a vosa presencia, que será recibida por seu espíritu acariñante e meu pobre curazón. Ogallá un pronto día se faga realidade noso deseo mutuo, que será tamén de grande ledicia pra os moitos amigos con que eiquí contas.

"Agarrando" a onda non sei aterrizar, sin decatarme de que tanta verba apretada ten que esgotar a vosa resistencia. Privada de poder falar con vos, cando tanto o desexaría, véngome mallando na máquina. E agora si que remato hasta outra.

Pretos os dous, recibide apertas fondas da vosa sempre.

Virxinia.

Repasando ista carta, vexo que é un *revoltixo* de difícil interpretación. […] que vos axude. Amén.